

CASINO

Limiar



O barrio de Couso converteuse o pasado 28 de decembro do 2014 nun **BELEN VIVINTE** no que participaron arredor de 200

veciños e arredores. A idea rondaba pola cabeza desde fai anos e por fin, fai sete oito meses decidiuse pola en marcha. Para iso, aproveitaronse as numerosas cortes,... ademais dun montón de ferramentas xa en desuso


Un dos puntos centrais foi a Feira Mercado-artesanal e ecolóxica. Grazas a todos: colaboradores, patrocinadores, organizadores, veciños, visitantes,... sin vos isto non sería posible. Neste ano xa se está planificando voltar a facelo e para iso vai a ser xunto coa ASOCIACIÓN ARTÍSTICO E CULTURAL DE GULÁNS. Esperamos contar con todos vos e ter un éxito como o ano pasado.



- NESTE EXEMPLAR:
1. LIMIAR
 2. PROG. 1º TRIMESTRE
 4. BELÉN VIVINTE
 8. A FESTA DA SAÚDE
 10. RECUPERAR LUGARES: AS FINCAS
 11. RECORDOS DE CATIVA
 12. SABER DECIR NON
 13. RECEITAS DE COCIÑA
 14. CAN DE PALLEIRO
 15. RICO, RICO
 17. CARACOL
 18. ACTIVIDADES REALIZADAS

PROGRAMACIÓN CULTURAL

1º SEMESTRE 2015

| | |
|---|--|
| <p>Asamblea ordinaria anual</p> | <p>24 de xaneiro</p> |
| <p>Sementeira do centeo</p>  | <p>Día e hora por concretar</p> |
| <p>Entroido en Couso</p>  | <p>Sábado 21 de febreiro ás 6 da tarde</p> |
| <p>Actuación dun grupo de teatro en Couso</p>  | <p>Día e hora por concretar</p> |

Festa do pote



11 de abril

Igual que o ano pasado participarán outras asociacións culturais do concello de Ponteareas. Para xantar disfrutaremos dun bo cocido.

Apertura dos muiños



O primeiro fin de semana de abril procederase a apertura dos muiños, para todo aquel que esté interesado en visitalos.

San Xoán



Xa concretaremos data.

FESTA DA VIRXE DA SAÚDE Organizada polo barrio de Couso

27 -28 de xuño

Pablo Carballido Carballido

INGENIERO TÉCNICO AGRÍCOLA

Perito Agrícola

Rosalía de Castro, 2 - Ofic. 3
PONTEAREAS
Tel. 986 66 09 22 / 659 85 37 71
Particular y Fax: 986 69 77 96

Mediciones - Valoraciones - Herencias
Particiones - Deslindes - Topografía

Pablo Carballido Carballido

TÉCNICO SUPERIOR EN PREVENCIÓN
DE RIESGOS LABORALES



galia
REFORMAS INTEGRALES

Belén Groba Represas
Arquitecta Técnica
682 628 592
info@galiareformas.com

www.galiareformas.com

C/ Muxín s/n, local B, Angoares
(Ponteareas), 36867 Pontevedra

teff./fax:
986 64 09 99

BELÉN VIVINTE



O pasado 28 de decembro de 2014 representouse en Couso, na parroquia de Guláns, do Concello sede de Ponteareas, un BELÉN VIVINTE, con esceas propias dun belén e representación de varios oficios tradicionais e típicos galegos.



Aproveitando as construcións tradicionais e a distribución deste pobo de Couso (casas de pedra antigas, muíños, muiñeira, cortes...), representáronse nestas esceas diferentes tanto de pasaxes do evanxeo relacionadas co nacemento de Xesús coma de oficios, persoaxes e labores tradicionais tanto da zona coma en recordo daquela época (lavandeiras, carpinteiros, muiñeiros, matachíns, pastores...),



nas que participaron entornó a dúscentas persoas, facendo de actores por un día,

todos eles de distintas idades (nenos, novos e maiores).

Ao longo do percorrido poidemonos



encontrar con muiñeiros, pescadores, leprosos, leiteiras, escribáns, carpinteiros,



ferreiros, alfareiros...especialistas do mel..., ademáis de animais como cabras, ovellas, cabalos, vacas, galiñas... e como non cos persoaxes principais desta



representación, os Reis Magos, San Xosé, María, os pastores... Ademáis , os visitantes puideron ver en directo unha matanza do porco e cocer

pan nun forno tradicional de pedra.



Un dos puntos centrais foi a Feira Mercado-artesanal e ecolóxica, onde se xuntaron mercadores con produtos artesanais e outros comerciantes da zona. (queixos, verduras, chocolates, embutidos, doces...coiro...).



E por suposto pensando nos máis pequenos non faltou o buzón de correo dos Reis Magos, onde puideros depositar os seus desexos nas súas cartas.

COLABORADORES

Queremos agradecer a todas as persoas que participaron tanto na organización como na posta en escea deste Belén vivinte.

PATROCINADORES

Queremos agradecer ás empresas patrocinadoras a súa aportación para a organización desta actividade.

Colaboraron as seguintes empresas:

- INSTALACIONES COCAR DE GALICIA S.L.
- GALIA. REFORMAS INTEGRALES
- PABLO CARBALLIDO CARBALLIDO. INGENIERO TÉCNICO AGRÍCOLA
- CARPINTERÍA ACUÑA
- FERREIRO ARNOSO. JOSÉ MARCELION CARRERA
- COMERCIAL AUTOVIA
- CAFÉ-BAR EL BOSQUE
- BAR-RESTAURANE CASTRO
- TALLERES GUMERJO
- RESTAURANTE GUANABARA
- CUBERTISA CANALONES
- CAFÉ VILA DE CANS
- BAR CASA FORTES
- HNOS SOUTO TRANSPORTE
- A TABERNA DO CHIVO
- TALLERES MANOLO
- COMERCIAL AGRÍCOLA AREAS
- CARPINTERÍA DE MADERA ABEL ÁLVAREZ GONZÁLEZ
- BAR XINZO
- SUPERMERCADOS COVIRAN
- RESTAURANTE BAR AS PONTES
- CASTROTECO
- CAFÉ – BAR CHIÑO
- REPRESAS. GESTORÍA ADMINISTRATIVA
- BARCO LEÓN. PINTURAS
- CARNICERÍA – CHARCUTERÍA LUGO
- MUNDO AGRO
- OPTICA MAHEN
- CRISTALERÍA CONDADO
- LA PRIMAVERA. FLORISTAS Y DECORACIÓN
- ASESORÍA TÉCNICA AGRÍCOLA AGROVITIS
- FOTO SOUTO
- ROSQUILLERÍA TRONCOSO
- CHARCOS. MODA INFANTIL Y JUVENIL
- ELECTROPRESA DOMÍNGUEZ S.L.
- FLORISTERÍA BONSAI

- ALMACÉN HIPERCALZADOS.
VESTUARIO LABORAL
- CHURRASQUERÍA SAN CRISTOBAL
- ELECTRICIDAD BOUZA
- LAUREANO COVELO. EXCAVACIONES
Y CONSTRUCCIONES
- FERRETERÍA ALVARO
- CERRAJERÍA Y GRANITOS
DOMÍNGUEZ S.L.
- KING'S SCHOOL OF ENGLISH
- DORAL RESIDENCIAS
- SANATORIO DO ALBA. ESPECIALIDAD
EN CARNES Y PESCADOS A LA
BRASA
- A CANUDA. ASADOR - RESTAURANTE
- PARRILLADA
- ALMUIÑA 08
- ESTACIÓN DE SERVICIO CHOUSAL,
S.L.
- CANIS. CLÍNICA VETERINARIA
- ANTONIO RODRÍGUEZ ARAUJO, S.L.
OPEL
- PORTALCONSA
- TALLERES LUÍS PORTO
- AMF. MOTORSPORT
- PANADERÍA PIRUCHO
- BOPAPEL
- TALLERES SAN JUAN, S.L. RENAULT
PONTEAREAS
- COMERCIAL BARCIELA BOUZA, S.L.
- CONFITERÍA ANCLA
- IMPRENTA YESMABES, S.L.
- M^a FUENCISLA BERNÁRDEZ LECANE.
LICENCIADA EN FARMACIA
- PANADERÍA- CONFITERÍA
LEMBRANZA
- FOGARIÑO
- FUNERARIA PORTO
- FERRETERÍA BARRAL
- CAFÉ ROVI
- SOUSA. OBRAS Y REFORMAS EN
GENERAL
- PESCADOS MARI CARMEN
- PROMOCIONES ARTÍSTICAS
GIRÁLDEZ. DALMACIO
- AUTO MOS
- GRUPO AMAZONAS
- CAFÉ BAR GULÁNS
- AUTOESCUELA DOBLADA
- RESTAURANTE CASTELO

- BALÚ
- ALMIJOCAR
- DECORACIÓN ALISE
- PUZO CLIMA
- AL 13. LUMINIOS Y PVC
- AREA. AREA PRODUCTIONS
- CAFÉ – BAR BURAQUIÑO
- AMAL BLANCO. ESTILISTAS
- FAMILY COMPANY. MODA INFANTIL
- ÁLVARO BARGIELA BOENTE. ALBAÑILERÍA, ALICATADO, PINTURA, REFORMAS.
- PIROTÉCNIA LA GALLEGA
- CONSTRUCCIONES SERAFÍN

Así mesmo queremos agradecer de forma especial a colaboración e apoio do CONCELLO DE PONTEAREAS.

Grazas a todos e todas por facer que este soño se fixera realidade. Como di o refrán “A unión fai a forza” e nos demostramolo coa unión amosada por todos.

A FESTA DA VIRXE DA SAUDE É A NOSA FESTA PARROQUIAL

Unha das celebracións máis populares de Galicia e de España son as Festas parroquias ou patronais que se festexan e celebran en todo o país sobre todo no verán.

As festas parroquiais ou patronais son un conxunto de solemnidades con que unha poboación poden ser barrios, parroquias etc.. celebra anualmente a data do seu patrón ou patroa. Trátase dunha tradición implantada esencialmente nos países de cultura hispana. En España na área deste tipo de celebracións soen ser coñecidas como festas maiores. Estes festexos inclen normalmente actos relixiosos, como un oficio solemne e celebracións paganas nas que por suposto a música ten que estar sempre presente. Orquestras, charangas, actos festivos, diversión a raudais ¿Que sería das festas locais dos pobos ou das parroquias sin as orquestras? Ver os avós, ou os que non sabemos bailar, movendo as cadeiras o ritmo de “La Macarena” ou “Paquito Chicolatero” **¡¡non ten prezo!!** Os momentos máis divertidos e alocados normalmente danse cando chega a hora da verbena.

No caso da parroquia de Guláns unha de estas festas é a da nosa Patroa, a Virxe da Saúde que se celebra o derradeiro fin de semana de Xuño. Segundo dí a tradición cada 15 anos tócalle a organización de tal evento ao mesmo barrio posto que a parroquia ten 16 barrios e cada ano que pasa tócalle a organización a un barrio distinto. Este ano ao igual que fai 15 anos ou 30 anos ou 45 anos atrás tocoulle ao Barrio de Couso colaborar na realización da citada festa. Con poucos habitantes como somos no barrio e coa necesidade de conseguir uns cartiños para poder levar a cabo tódolos actos, todo o pobo debe colaborar tanto economicamente como axudando en todo no que poida. Pero hai uns encargados de preparar, organizar e traballar para poder levar a cabo os festexos e para que todo o mundo teña en eses días ou nese fin de semana o seu lugar de encontro e diversión con amigos e familia, e eses son os membros da comisión organizadora e os seus colaboradores, un equipo humano excepcional que traballa arreo para poder ter unhas festas coma as que xa se fixeron con anterioridade, e isto non é un tópico senon que realmente é así.

Segundo se vai acercando a data (este ano é o fin de semana do 27 e 28 de

xuño) é cando a comisión ten maior traballo. Os lios, tensións e discusións están asegurados como en calquer comisión que se precie, pero con vontade e entendendo que son momentos de estrés ao final as augas sempre voltan ao seu cauce coa satisfacción de facer un bo traballo cóvado con cóvado para o ben do pobo. Mención especial tamen merencen outras persoas que sin ser da comisión organizadora axudan dunha forma ou de outra aportando o seu granciño de área, porque todas elas suman, e digo suman porque participan e colaboran. Non hai máis que ver como se volcou o pobo enteiro o 28 de decembro do ano pasado coa organización do Belén viviente, e é que sen a axuda desta xente do barrio non sería posible. O 28 de decembro sentinme máis orgulloso ca sempre de ser de onde son.

Para acabar só cabe decir que, non sabemos como sairán estas festas, pero sí de unha cousa estamos seguros é de que se porá todo o esforzo e ilusión para que todo saia o mellor posible e que xuntos fagamos un monton de recordos para engadir a nosa memoria posto que o tempo pasa pero os recordos quedan e

esperemos que a Virxe da Saúde nos siga dando forza, saúde e nos axude na nosa vida para seguir fortalecendo a fe neste novo ano que escomenzou.



Na foto o meu avó Maximino e outro gupo de xente portando unha santa un día de festa a saída da igrexa, posiblemente fai 50 ou 60 anos.

O Tempo pasa pero os recordos quedan para sempre na nosa memoria.

Pablo Carballido

RECUPERAR LUGARES DE ENCONTRO: AS FINCAS

O mundo do progreso trouxo moitas cousas positivas: acurta distancias, posibilita a comunicación a grandes distancias, posibilita un destrozo menor dos nosos corpos grazas as maquinarias e moitas cousas máis.

Ese mundo do progreso posibilita cousas que antes eran imposibles de imaxinar, pero que hoxe son unha realidade. As persoas a pesares das distancias poden ir comer case todos os días os seus fogares, poden visitar as súas familias

con máis facilidade, e unha morea de cousas máis.

Sen embargo, este mundo globalizado que nos ofrece tantas cousas positivas trouxo, probablemente porque o ser humano non soubo asumir a nova realidade, non foi capaz de manter as cousas positivas de sempre.

As persoas, viven na sociedade actual unhas ao lado das outras, pero non se coñecen. Cambiouse a charla cos amigos polos mensaxes de todo o que supón internet e as novas tecnoloxías, os nosos amigos non son do entorno onde crecemos senón de lonxe, coñecemos só os nosos amigos pero non a súa familia.

Poderíamos dicir, que o mundo de hoxe trae luscos e fuscos, porque non soubemos darlle o seu lugar as cousas boas de sempre.

Unha desas cousas que non soubemos asumir, é o tratamento das fincas, dos montes, que son unha auténtica pena nestes momentos, e por desgraza iso reflicte negativamente en moitos aspectos da nosa convivencia.

Vexo con amargura, cando veño a casa dos meus pais as fincas como se fosen montes, vexo os montes que parecen selvas, é dicir vexo que todo o que nos rodea está en peores condicións que fai uns anos.

E vexo ademais, que todo iso é sinónimo de falta de convivencia, porque moi poucas veces encontro a persoas falando nas fincas, persoas que contan un conto. E iso é grave, porque os novos están enfrascados nas novas tecnoloxías

e non conviven e os maiores quedan arrinconados entre catro paredes.

É triste ver como as persoas van perdendo o mellor que teñen, que é a capacidade de conversar por outras cousas que no fondo nos alonxan do noso ser persoas. A civilización naceu da palabra e da capacidade de dialogar e de contrastar posturas.

Por iso, si queremos recuperar parte do que nos fai civilizados, debemos recuperar as cousas que nos axudan a iso, e sen dúbida as fincas eran, e poden ser si recuperamos a ilusión por traballalas fonte de encontro, fonte de diálogo, fonte de civilización.

E ademais, gañaría o noso entorno, porque estaría máis limpo, máis bonito. Todo son vantaxes, recuperemos o traballo nas fincas e con elo as relacións sociais entre veciños.

Víctor Bargiela

RECORDOS DE CATIVA

¡Que pena! Escoitei decir na reunión da cultural, esa pena referíase que eramos catro gatos, iso mesmo penso eu, ¡Que pena!

¿Onde está toda xente de Couso? Xa sabemos que non quedamos moitos pero si nos xuntamos, aínda somos uns cuantos.

Recordo cando era cativa que non facía falla facer unha reunión para verse, con saír o camiño xa atopabas con quen falar, agora xa podes dar a volta enteira a “Couso” que non te atopas con ninguén, a xente xa non sae das casas, aínda que sexa a tomalo sol ou a dar un paseo, cousa moi saudable para todos. Onde quedou ese Couso cos camiños ateigados de bosta, que tiñas que dar chimpos para non manchar os zapatos, esas liortas polas veigas cando tomabas un trago de viño demáis, eses domingos pola tarde na tenda de Enriqueta e os rapaces a xogar polos camiños, esas merendas que facíamos con galletas e gaseosa.

Cantos recordos me veñen a cabeza de xente que xa non está (Deus os teña na Gloria) teño uns cantos especiais, como as lendas que me contaba señor Gabino, cando ía con miña nai para a leira a plantar nas berzas, alí estaba él segando na herba para a súa vaca, unha vez me contou que no tempo da guerra estaba na casa cos seus pais e un home cun sombreiro na cabeza e unha vara moi longa na man, entrou na casa e empezou a buscar por todas partes si había alguén agochado e alí estaba él escondido debaixo da cama, morto de

medo, pero encontrouno e tivo que ir o o Frente, por sorte voltou vivo.

Lémbrome de señora Esperanza, a pobre moito sufriu por culpa de meu irmán cando a miraba vir, empezaba a facer que estaba malo, que lle doía a barriga e tirábase de rebolos, nosa nai decíalle que non lle fixera caso que facía o parvo, ela sempre andaba cun mancallo de herba o lombo, entón mamá mandaballo levar a súa casa, eu sempre o acompañaba, tiña unha maceira con mazás de todo ano que estaban boísimas, sempre nos daba unha abada delas.

Que recordos!, que tempos aqueles, teño tantos que me darías para encher un libro.

Sei que os tempos cambiaron e que iso xa non vai acontecer, pero sí animo a todos, que nos xuntemos máis para votar unhas parrafadas e contar algún conto os nosos nenos, para cando sexan maiores teñan recordos coma os que teño eu e tedes vos, de cando eramos cativos, o tomar un viño, o facer unha reunión da cultural, todo vale par alegrar un pouco estes camiños tan valeiros e tan fermosos do noso querido pobo Couso.

Victoria Carballido

SABER DECIR NON

Hai poucas persoas que son capaces de **dicir non** cando un coñecido pide algo. Ás veces é porque teñen medo de parecer egoísta ou rudo , especialmente se eles non poden atopar unha boa razón para rexeitar. Con todo , aprender a **dicir non** pode ser esencial para o seu benestar, cargar con demasiadas cousas pode provocar un estres excesivo, o cal, como todos sabemos, acarrea os seus propios problemas.

Se é desas persoas que teñen dificultade para dicir non, seguramente, a súa mesa de traballo estará cuberta con cousas que facer . No ámbito social , a persoa que non pode dicir non a alguén que é moi persistente pode afrontar problemas aínda maiores .

Axudar a outros e estar disposto a facer un favor é moi diferente de sentir como se está aproveitando de ti . Algunhas persoas teñen medo de deixar de agradar á outra persoa si se negan a facer o que lles pide (Aínda, si a única razón pola que lles caes ben é porque é un escravo voluntario só, ¿desexa realmente a súa admiración?).

Saber dicir non - calquera que sexa o motivo , pode traer problemas a curto ou longo prazo . É bo lembrar o vello dito : "Se queres que se faga algo pidello a persoa ocupada " pero todo o mundo ten os seus límites . Non hai dúbida de que un firme pero respetuoso «non» de bo principio é mellor que aceptar e logo no poder cumprir a promesa. Non vale a pena facer un mal traballo por non haber tido tempo para dedicarlle toda a súa atención. Isto non beneficiará a súa reputación nin agrada a quen desexa complacer.

Caty Carballido

RECEITAS DE COCIÑA

Co inicio do novo ano vamos a centrarnos noutras partes da gastronomía, esta vez faremos un recorrido polas diversas autonomías españolas. Comezaremos por Andalucía con un maravilloso postre:

TOCIÑILLO DE CIELO

Ingredientes:

12 xemas de ovo

500gr de azucre

500cl de auga

Aparte para o caramelo: 5 churadas aprox.de azucre e unha pizca de auga.



E agora vamos a gastronomía vasca para presentarvos o plato emblemático de esa autonomía

O PISTO A VASCA

Ingredientes (4 personas):

- 2 cebolas
- 2 pementos verdes
- 1-2 calabacins (600 g)
- 4 cucharadas de salsa de tomate
- 4 ovos
- 4 rebanadas de pan de molde
- aceite de OLIVA virxen extra
- sal
- perexil picado

Elaboración da receta de Pisto a bilbaína:

Corta as **cebolas** en dados e ponas a pochar nunha cazola ampla con un pouco de aceite. Sazona e cocín durante 10 min. aproximadamente. Engade os pementos **verdes** cortados en dados. Deixa pochar durante outros 10 min. Limpia o **calabacín**, córtalo en dados e incorpóralo. Aos 10 min., cando

estén as verduras ben pochadas, engade a **salsa de tomate**.

Bate os **ovos**, agrégaoos á verdura, retira a cazola do lume remove ata que cuaxe.

Con un coitelo de serra retira a corteza as **rebanadas de pan e** corta cada unha en 4 triángulos. Friteos por os 2 lados nunha sartén con aceite. Escúrreos sobre un prato cuberto con papel de cociña. Despois, pasa a punta por perexil picado.



Iván Bargiela

CAN DE PALLEIRO

Pois aquí estamos,..... no palleiro, que con este tempo frio, é onde mellor se está.....

Aquí estou,.....a lembrar os meus recordos daquel “Belen vivinte”... deste ano,.....Que bonito.....Cantos nenos!!!!....., cantos pais!!!!....., cantas familias....., caaaaannnntaaa xente.....!!!!!!

E.....!!!!,que bonito.....!
Niñooooo.....!!,.ven paquí, no ves que te manchas con la bosta.

Nenos cos seus pais,..... pais cos seus nenos,.....vendo como era a vida tempos atrás

Haiiii!!!...Carlitiños.....no lo acojas todo a la vez, sino te atrapallas

Que bonito.....!!!, Pais orgullosos de amosarlle os pequenos, canto diferente era a vida antes...., tan diferente,que os nenos parecele estar vivindo nun conto*Niñoooo...!!! no comas mas Josanitos !!!.....no ves que después te esfurrucas...!!!!*

Que bonito.... Pais orgulloso do seu pasado.....das súas raíces..., DA SÚA TERRA... QUE BONITO...!!!!*Niñaaaá ponte la chaquetiteta, que sino te me arrefias.....*

!!!Que pasa.....!!!!, que os nenos non entenden o GHALEGOou que ?
Ouu...!!! *Xa nacieron asi projramados...!!!*

E.....????? cando estes nenos organicen o seu “Belen Vivinte,.....
Que será?????.....
O Belen Vivente....., o Belen Viviente... o Belen Bebeinte.....ou que carrallo será....!!!!

Se queremos manter as nosas tradicións, as nosas raíces, A NOSA TERRA, o primeiro que hai que manter é o noso idioma.....!!!!,e isto.....É GRATIS...!!!!!! Non custa cartos.....nin tempo.....nin esforzo....., e os neos de hoxe serán os maiores de mañán..... e os anciáns.....de pasado.....,

!!!E NON VAN SAIR MAIS LISTOS POR QUE LLE FALEDES EN CASTELAN !!!

E menos aínda,nesa “MISTULANZA” que fan a maioría dos PAIS,..... que nin é, nin castelan,.....nin ghalego.....nin raio que o parta.....

Por iso.....!!!!FALADE MENIÑOS, FALADE GALEGO !!!Con él.....chegaredes onde queirades..... O voso futuro, non dependerá da vosa lingua.....aínda que así o pensen vosos pais..... DENPENDERÁ do voso traballo,.....do voso esforzo....e da vosa vontade...

Can de palleiro (Andrés)

RICO RICO

Anton: Boas tardes amigos (fala moi pausadamente), hoxe levanteime con ganas de falar, pero falar moito moito e isto tenme algo tenso pois normalmente son de poucas lerias.

Pepa: (entra moi despaciño case se facer ruido)

Anton: Dame a min o corpo que algo vai pasar algo hoxe (dandolle a cabeza)

Pepa: (anda dun lado para outro pero non mira nin a Anton que esta o lado)

Anton: Pepa, Pepa,
Pepaaaaaaaaaaaaaaaaa,

Pepa: (asustase) ¿Que pasou?

Anton: ¿Estas ben? ¿Pasache algo?

Pepa: Non

Anton: Como que non, se ti falas mais que o fala barato e hoxe non dís ni mu

Pepa: E que teño, teño, teño,

Anton: ¿Que tes?

Pepa: Teño, teño tristura

Entran es escea un grupo de nenos e nenas moi tristes levando una tina.

Antón: Que foi, que pasou, porque tanta tristura

Nena 1: temos que chorar moito

Nena 2: Moito moito

Nena 3: ¿Porque?

Nena 4: queremos bagoas

Nena 5: e non temos

Nena : que vamos facer

Nena : chorar

Nena : e de que nos sirve

Nena : se non votamos bagoas

Pepa: Os nenos queren acompañarme na tristura e eu dixenlles que choraran conmigo

Antón: E para que, pero que tes, que che pasou.

Pepa: Vamos ver Anton (cambiando a actitude xa mais disposta) hoxe levanteime pola mañan con ganas de traballar e puxenme limpar, (colle a tina) como sabes esta tina era a casiña do meu Alberto

Antón: Si seino.

Pepa: Alberto leva conmigo moitos anos, moitos moitos como seis ou sete anos Alberto estabache ven cheiño, onte botaralle pan a fartar, estaba rosadiño, tiña un olliños saltos que daba gusto velo, era bonito como un sol

Antón: Era, entón que lle pasou

Nenos: Comeuno

Antón: (alarmado) ¿Comechelo?

Nenos cantan

A fame apretou

A pepa

O cheirou

E con aceite o gisou

Antón: De verdade que o comeches

Pepa: Ven ven que che conto, pois limpei e limpei, e cando tocou limpar a casa do Alberto, el estaba xogueton, mirabame con ollos saltos, estaba bonito, bonito, e empecei a pensar no rico que estaria cunhas patacas cocidas e cun chorriño de aceite e zaca, collin un anaco de pan e

Antón: Eu xa sabia que me pasaba algo cando o demo anda solto Antón anda rebolto

Nenos cantan

Pepa a tina,

vai pescar

O Albertoponse xogar

Ai Pepa pepa pepa

Pepa non pode aturar

Os olliños poñense a saltar

Ai pepa pepa pepa

o Alberto vai zampar

Mary Carballido

CARACOL

Caracol que busca la col,
sino la encuentras es de un color
y ese color es el verde col,
coge el hacha y corta la col,
sino te corta ponle fuego a la col caracol,
el pobre caracol que se quemó él y la
col,
adiós caracol, adiós col.

Lucía Novas e Beza Carballido



Instalaciones
Cocar
de Galicia s.l.
electricidad - fontanería - calefacción

admon@instalacionescocar.com
Teléf.: 986 660 904

Muxín, s/n
36867 Angoares - PONTEAREAS

Actividades realizadas

No mes de setembro fomos mallar o centeo pedra da auga.

No mes de novembro, como non podía ser menos, celebramos a festa de San Martiño, con castañas e viños gratis dabondo e para a verbena contamos con dúas maravillosas orquestras.

No mes de novembro celebramos o mes cultural do teatro e viñeron a actuar: a banda da escola de música de Xinzo, o grupo de teatro de Arcos, o grupo de teatro A pena do Equilibrio de Arcos e o Grupo de teatro Os catro de sempre de Mouriscados. Foi un mes moi divertido e interesante a nivel cultural.

O domingo 28 de decembro fixemos o BELÉN VIVINTE en todo o pobo, foi un acto con moito éxito e colaboración. Grazas a todos e todas por dunha forma ou outra participar.

